



ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN, ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO DENOMINADO "MAIV GARANTIA XUVENIL 2020" PARA A REALIZACIÓN DAS ENTREVISTAS PARA O POSTO DE INSTRUCTOR DOCENTE DE INGLÉS

Nas dependencias da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo, sitas na avda. Hispanidade, nº 17 de Vigo, sendo as 09.45 horas do día 11 de setembro de 2020 reúnese o Tribunal de Selección encargado da realización e avaliación das probas de selección, así coma de baremación de méritos das prazas de persoal directivo, docente e de apoio administrativo para o obradoiro de emprego "MAIV GARANTIA XUVENIL 2020" formado polas seguintes persoas:

1. Presidente/a: Maria Lourdes González Salceda, responsable do Servizo de promoción económica da MAIV.
2. Secretario/a: Pedro Fírvida Diz, axente de emprego e desenvolvemento local da MAIV.
3. Vogal 1: Maria de Carmen Sánchez Vidal, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Redondela.
4. Vogal 2: Claudio González Vaqueiro, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Salceda de Caselas.

A finalidade desta sesión é realizar as entrevistas para o posto de docentes de Inglés comercial (módulo formativo incluído no certificado de profesionalidade de xestión de marketing e comunicación).

Dando cumprimento as Bases de selección (base sexta) e de conformidade co previsto no Capítulo III da Orde reguladora do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria (artigos 10, 11, 12, 13 e 14) e na instrución específica remitida pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral de data 22/07/2020, a selección das persoas candidatas foi realizado polo Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da presentación da correspondente oferta en modelo normalizado na oficina de emprego de referencia (oficina de emprego de López Mora).

Realizada a correspondente sondaxe de candidatos/as pola oficina de emprego de López Mora, os/as candidatos/as preseleccionados pola oficina de emprego e admitidos para a fase de selección e baremación foron os seguintes:

NIF/NIE	APELIDOS E NOME
****1626P	BEGOÑA NUÑEZ CABALEIRO
****4251R	ROSA MARIA GOMEZ RODRIGUEZ
****9951F	EVA MARIA PANADERO CARROCEDA
****9941X	FRANCISCO JAVIER MINIÑO SANCHEZ
*****	CARMEN JOSEFA PINTO VAZQUEZ



A convocatoria ás persoas candidatas de cada posto para a fase de entrevista foi realizada mediante a publicación no taboleiro da MAIV, publicación na páxina web desta entidade e entrega de carta a cada unha das persoas candidatas, emprazándose para que se presentasen o día 23 de marzo de 2021, nunha hora definida para cada un dos/as candidatos/as, en intervalos de 20 minutos co obxectivo de que non coincidan varias persoas nun mesmo espazo (recomendacións COVID-19).

En base aos antecedentes descritos, ás 9.30 horas do día 23 de marzo de 2021, da comezo a primeira fase do proceso de selección para a praza de experto docente de inglés no Obradoiro de Emprego "MAIV Garantía Xuvenil 2020" consistente na realización dunha entrevista persoal con cada un/unha dos/as candidatos, avaliando as aptitudes das persoas candidatas, en función dos aspectos curriculares ou profesionais, tal como establece o punto 9.2 das bases reguladoras do procedemento de selección.

Unha vez realizadas as entrevistas e rematada a fase de selección, o Tribunal de Selección, por unanimidade

ACORDA

1º. Aprobar as seguintes puntuacións outorgadas ás persoas candidatas para o posto de "Docente de Inglés" na fase de entrevista (sobre un máximo de 5 puntos):

NIF/NIE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN (sobre 5)
****1626P	BEGOÑA NUÑEZ CABALEIRO	1,875
****4251R	ROSA MARIA GOMEZ RODRIGUEZ	2,875
****9951F	EVA MARIA PANADERO CARROCEDA	4,563
****9941X	FRANCISCO JAVIER MINIÑO SANCHEZ	4,000
----	CARMEN JOSEFA PINTO VAZQUEZ	---- NON PRESENTADA---

2º. Publicar as anteriores puntuacións da fase de entrevista nos taboleiros de anuncios da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo e da oficina de emprego, así como na súa páxina web, no enderezo www.maiv.org/institución/ofertas de emprego.

3º. Fixar como data de publicación das puntuacións provisionais da valoración de méritos o día 31/03/2021. Esta data farase constar xunto coa publicación dos resultados da entrevista.

Non habendo mais asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as 11.20 horas, asinando os asistentes a presente acta, de todo o cal e como Secretario do tribunal certifico.